

Restos do pasado

Observa, le e aprende.

Hoxe coñecemos o que aconteceu no pasado e como era a vida das persoas antigamente a través de distintos medios:

- **Textos escritos**, como libros, cartas ou outros documentos.
- **Cancións, contos ou lendas**, que se transmiten, de forma oral.
- **Construcións e edificios antigos**, como castelos, catedrais, castros, pontes, etc., ou ben, os **restos** que quedan deles.
- **Cadros, esculturas e mapas**.
- Outros restos, como **ósos, moedas, ferramentas**, etc.

Sabías que?

A **arqueoloxía** encárgase de buscar e estudar os restos antigos.



Todos estes recursos son **fontes históricas** e ofrécennos unha información moi importante sobre os sucesos do pasado; por iso, hai que coidalos e respectalos.



Os **museos** son lugares onde se gardan, consérvanse e expóñense ao público obxectos de gran valor histórico e artístico. Nos museos tamén se investigan e restauran restos do pasado que se encontran deteriorados polo paso do tempo.





- 1 Le este folleto con normas para visitar un museo. Pensa e sinala cales son as correctas.

**NORMAS DE VISITA
AO MUSEO**

Non se poden tocar os obxectos expostos, a non ser que se indique o contrario.

Está permitido correr polo museo.

Non está permitido comer nin beber no museo.

Está prohibido facer fotografías con flash.

Non se pode entrar no museo con roupa escura.

Está prohibida a entrada de animais; só se permite a entrada de cans guía.

AVISO

Para asegurarse de que as obras que se expoñen nos museos están nas mellores condicións, os seus responsables pídenlles aos visitantes que se cumpran unhas normas.

- 2 Busca en Internet información sobre un museo da túa localidade ou de Galicia e completa esta ficha.

Nome do museo: _____

Localidade onde está: _____

Nel podemos ver: _____

